PROXECTO INTERDISCIPLINAR—1º E.S.O.

No segundo curso de desenvolvemento deste proxecto, eliximos a "***alimentación saudable***" e o "***estudio do patrimonio natural e cultural***" como temáticas, en sintonía cos ámbitos da *Axenda 21 Escolar de Galicia*, co fin de aproveitar recursos e crear sinerxías. Tamén dedicaremos algunhas sesións a estudar o "***uso da auga***", dando continuidade ao traballo iniciado o curso anterior.

A temporalización proposta inicialmente foi (posiblemente sexa modificada dedicando máis tempo á terceira das temáticas):

- Alimentación saudable: 15 sesións.
- Uso da auga: 10 sesións.
- O noso patrimonio natural e sociocultural: 10 sesións

A estas alturas de curso estase rematando o primeiro bloque, con resultados satisfactorios.

As principais actividades realizadas:

- Etiquetas de alimentos: recollida, selección e análise de información.
- Coñecemento das principais enfermidades relacionadas coa alimentación (análise de documentos de diverso formato).
- Os alimentos funcionais: beneficios e perigos. O papel da publicidade.
- Alternativas para o consumo responsable: o comercio xusto e a agricultura ecolóxica.
- Alimentación e desigualdades a nivel planetario.

O traballo do segundo bloque comeza cunha visita o día 27 de febreiro ao ***ecomuseo de Arxeriz, en Escairón***.

As titoras de 1º de E.S.O., ***Teresa Vázquez*** e ***Paz Gayoso***, son as encargadas de desenvolvelo en 1º A e 1º B, respectivamente, coa colaboración de outros/as profesoras/es de diversas materias, dado o carácter interdisciplinar da proposta.

AXENDA 21 ESCOLAR DE GALICIA

Xa no terceiro ano de andadura recordamos as motivacións para continuar cun proxecto interesante pero complexo, que require da colaboración de todas e todos:

- É un programa innovador, permite mellorar o traballo interdisciplinar e traballar dun xeito compartido as temáticas socioambientais dentro da aula.

- Avanzar cara unha xestión máis sustentable dos recursos utilizados (enerxía, auga, papel, transporte, etc...).

- Un dos puntos clave para este curso é promover a **implicación** e favorecer a **participación** da comunidade educativa, fundamentalmente do alumnado. Constituír un ***Comité Ambiental***, con membros activos de todos os sectores, é un obxectivo importante.

- Na medida do posible, promoveremos accións de sustentabilidade a nivel local – comarcal, en colaboración co Concello de Chantada e asociacións locais.

- Queremos desenvolver propostas motivadoras e que todo o mundo se poda sentir partícipe, cada un/unha na medida das súas posibilidades e intereses.

Eliximos dous ámbitos de traballo:

- **Consumo responsable**: Proseguindo co traballo iniciado o curso pasado sobre "*alimentación saudable*", dando continuidade a algunhas accións e desenvolvendo novas propostas relacionadas co comercio xusto, consumo consciente e produción ecolóxica. Entre outras actividades, estase colaborando co Programa Concellos Saudables (consumo de froita, almorzos equilibrados, etc…).

- **Contorno natural e biodiversidade**: formando un Grupo de Traballo relacionado con este tema ("***O valor educativo dos roteiros interpretativos***") e implicando ao alumnado en propostas relacionadas co estudio e conservación do medio e a biodiversidade.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 6

Febreiro—2009

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

NOVAS

As **programacións didácticas** de todos os departamentos xa están colgadas na páxina web do centro (***http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas***). Naqueles departamentos que as presentaron separadas por cursos pódense descargar individualmente sen ter que facer a descarga da programación completa do departamento.

A **coordinadora das TIC´s,** dona Carmen Begide Fernández está de baixa, e esta función pasa a ser desempeñada pola compañeira dona ***Olga López Pérez***, que na medida do posible intentará continuar con traballo realizado ata agora.

No próximo Claustro de profesores/as, que se celebrará o 12 de marzo de 2009, levarase como un punto da orde do día "**Propostas e emendas para o borrador do Proxecto Educativo de Centro** ". O borrador está colgado na páxina web do centro e basicamente será o que se leve a ese claustro. Sería conveniente que se fora lendo para presentar as vosas suxestións nesa reunión. Posteriormente, feitas as modificacións propostas levarase a un claustro e a un consello escolar para a súa aprobación definitiva.

A **biblioteca escolar** é un centro de recursos para toda a comunidade educativa, e debido a gran cantidade de material que existe, todos debemos colaborar para que se cumpran as normas da biblioteca (están na web do centro) sobre todo en canto á retirada e entrega de fondos de maneira que se eviten perdas deles.

CONSTITUCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE CHANTADA

No ***Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 3 de febreiro de 2009*** saíu publicado o regulamento do **Consello Escolar Municipal de Chantada**.

Os consellos escolares municipais, como instrumento de participación dentro do sistema escolar, pretenden contribuír á corrección de desigualdades socioculturais, conseguir un ensino máis eficaz e de máis calidade e cohesionar o tecido escolar implicando e comprometendo aos grupos e ás persoas que participen.

No Consello Escolar Municipal encóntrase toda a comunidade educativa: Mestres/as, profesores/as alumnos/as, nais e pais, representantes de asociacións e responsables políticos da localidade entre outros.

A composición será a seguinte:

a) Presidente: O Alcalde ou membro da Corporación no que delegue.

b) Vicepresidente: Elixido polo Pleno do CEM entre os seus membros de dereito.

c) Secretario: Un funcionario ou funcionaria do Concello designado polo Presidente.

d)Vogais:

- Sete profesores dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos por sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas no sector docente:
- Cinco do ensino público.
- Dous do ensino privado.
- Catro pais ou nais de alumnos propostos polas asociacións de nais e pais de alumnos.
- Tres alumnos elixidos polos representantes dos alumnos nos Consellos dos centros existentes no municipio.
- Sete membros consonte o disposto no artigo 16.1.b) da Lei 3/1986, do 18 de decembro, e mais o artigo 30.1.5 do Decreto 44/1988, do 12 de febreiro, de acordo coa seguinte distribución:
  - . Un entre directores dos centros públicos de educación infantil e primaria da localidade, elixido por e entre eles.
  - . Un entre directores dos centros públicos de educación secundaria da localidade, elixido por e entre eles.
  - . Un en representación dos sindicatos con máis representación na localidade elixido por e entre eles.
  - . Un en representación das asociacións de empresarios e/ou comerciantes da localidade, elixido por e de entre eles.
  - . Un membro dos movementos de renovación pedagóxica con presenza na comarca, designado pola Alcaldía, tras consulta aos membros de renovación pedagóxica de Galicia.
  - . Dous representantes das asociacións de veciños da localidade, elixido polas ditas asociacións entre os seus membros.

Consonte dispón o artigo 16.2 da Lei 3/1986, do 18 de decembro, e mais o artigo 40 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, a Administración educativa estará representada no CEM pola persoa funcionaria que designe para o efecto a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.